

PLÁCIDO R. CASTRO, TRADUTOR E ANGLISTA DA GALEGUIDADE NAS *RUBÁIYÁT*¹

María Jesús Lorenzo Modia
Universidade da Coruña

DOI: 10.17075/vipc.2020.002

¹ Este traballo foi realizado co apoio financeiro dos seguintes proxectos e institucións, que por ese medio se recoñecen: «Rede de lingua e Literatura inglesa e Identidade III» (ED431D2017/17), Xunta de Galicia; Proxecto de investigación «Eco-Fictions» (Ministerio de Economía y Competitividad / ERDF, FEDER, FEM2015-66937-P); Proxecto de investigación «Tropo animal» PGC-2018-093545-B100; Proxecto de Investigación «Aesthetics, Ethics and Strategies of the New Migratory Cartographies and Transcultural Identities in Twenty-First-Century Literature(s) in English» (PID2019-109582GB-I00), Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades -MCIU/Agencia Estatal de Investigación -AEI-/Fondo Europeo de Desarrollo Regional -FEDER-/UE; e polo Grupo de investigación de Lingua e Literatura inglesa moderna e contemporánea, CLIN, UDC.

Plácido Ramón Castro del Río é un intelectual galego nado no ano 1902 e que faleceu á idade de sesenta e cinco anos en Cambados, onde exerceu como profesor. A súa tarefa foi a dunha persoa formada en Escocia que volveu a Galicia cun proxecto de divulgación en lingua galega de textos anglófonos de gran relevancia para converter o galego nunha lingua culta. O seu labor como tradutor combínase co de antólogo e divulgador das literaturas en lingua inglesa procedentes de Inglaterra, mais tamén de Gales e Irlanda, e mesmo de textos do antigo imperio persa publicados en inglés e que el verteu ao galego coa finalidade de que se coñecesen nesta lingua culturas europeas e mesmo asiáticas, ás cales el tivera acceso a través do inglés.

Un dos seus primeiros traballos foi, xunto cos irmáns Antón (1881-1936) e Ramón Villar Ponte (1890-1953), a tradución para o galego de *Dous folk-dramas* (1935) do poeta irlandés William Butler Yeats (1865-1939), que posteriormente foi publicada en Vigo como *Dous dramas populares* (1977). Inclúe *Catuxa Ni Houlihan* e *O país da saudade* (*Cathleen Ni Houlihan* e *The Land of Heart's Desire*). Neses textos únense o simbolismo místico e onírico do imaxinario tradicional irlandés. Estas claves están presentes no Teatro da Abadía da capital irlandesa, fundado en 1904, e que foran plasmadas no denominado rexurdimento de Eirín da man da condesa Constance Markievicz, de familia con orixe polaca e coñecida como Lady Gregory (1868-1927). A relación literaria e política entre Yeats e a intelectual e activista provén da infancia xa que as familias tiñan vínculos de amizade.

É extraordinariamente rechamante a escolla por parte de Castro deste autor angloirlandés, que pertencía á minoría protestante que controlara o país desde o século XVII, mais que se declarara irlandés xusto despois da Guerra de Independencia do Reino Unido, que durou desde 1916 a 1922. W. B. Yeats é conside-

rado un dos grandes poetas do século XX, e como dramaturgo foi unha das figuras máis representativas do rexurdimento literario (Irish Literary Revival) e un dos fundadores do Abbey Theatre ou Teatro Nacional Irlandés. En recoñecemento ao seu labor, Yeats foi galardoado co Premio Nobel de Literatura en 1923 e tivo tamén unha dimensión política na construción do novo Estado exercendo como senador. Yeats considerou o movemento teatral de Irlanda como a cerna da súa literatura, non só para o facer merecedor do galardón, senón tamén pola transcendencia que tiña no pobo irlandés que non tiña acceso á poesía. O gran público só tiña oportunidade de asistir á representación de obras de orixe inglesa, e non a aquelas que presentasen un discurso irlandés de seu. O galardado sentíase representante do nacionalismo irlandés e da independencia cultural da nación, como indicara en Suecia no seu discurso de toma de posesión:

[...] the great mass of our people, accustomed to interminable political speeches, read little, and so from the very start we felt that we must have a theatre of our own. The theatres of Dublin had nothing about them that we could call our own. They were empty buildings hired by the English travelling companies and we wanted Irish plays and Irish players. When we thought of these plays we thought of everything that was romantic and poetical, for the nationalism we had called up – like that every generation had called up in moments of discouragement – was romantic and poetical. It was not, however, until I met in 1896 Lady Gregory, a member of an old Galway family, who had spent her life between two Galway houses, the house where she was born and the house into which she was married, that such a theatre became possible (Nobel Lecture s. p.).

O groso da nosa xente, afeitada aos inacabables discursos políticos, le pouco, e así, desde o primeiro intre sentimos que cumpría ter un teatro de noso. Os teatros de Dublín non tiñan nada que puidésemos chamar propio. Eran edificios baleiros, alugados por compañías itinerantes inglesas, e nós queriamos obras de teatro irlandesas e actores irlandeses. Cando pensabamos nestas obras pensabamos en todo aquilo que era romántico e poético, xa que o nacionalismo que nós invocamos (como o que todas as xeracións tiñan invocado en momentos de desalento) era romántico e poético. Non foi, con todo,

ata coñecer en 1896 a Lady Gregory, membro dunha antiga familia de Galway que pasara a súa vida entre dúas casas de Galway, a casa onde nacera e a casa a que veu pertencer por matrimonio, que un teatro así foi posible (Conferencia da concesión do Premio Nobel, tradución propia).

Para comprendermos no século XXI a figura de Plácido R. Castro como tradutor hai que enfocalo desde un punto de vista interdisciplinar, tendo en conta tanto o contexto político e intelectual europeo do seu momento coma as perspectivas críticas contemporáneas. Castro demostrou coñecer moi ben a súa época mediante a escolla de textos para traducir. Á par disto tiña unha gran conexión cos intelectuais galegos da altura, nomeadamente coa coñecida como xeración Nós, cuxa editora publica a tradución dos dramas de Yeats e que xa viña dando a coñecer textos de autores en lingua inglesa. De feito, un destes dramas, *Cathleen ni Houlihan*, xa fora traducido por Antón Villar Ponte e publicado na revista *Nós* en 1921 (vol. 8, 5/12: 6-13), aínda que non se precisa a lingua de orixe. Por iso pode resultar significativo analizar o título completo da obra en que Plácido R. Castro participa: *Dous folk-dramas. Vertidos á lingua galega directamente do inglés por Plácido R. Castro e os irmáns Vilar Ponte, con licencia do autor*. Nel indícase con claridade que a versión é realizada directamente do inglés e non doutra lingua nin cunha versión intermedia dun idioma diferente, como probablemente lle sucedera a Antón Villar Ponte. Tamén se indica que o texto é dado ao prelo coa autorización do autor irlandés, cousa que non foran quen de conseguir diversos tradutores que o intentaran con anterioridade, por exemplo Juan Ramón Jiménez e Zenobia Camprubí (González Ródenas 2005: 68).

Outro caso relevante pola súa recepción en Galicia é o do irlandés James Joyce, que se autoexilia porque non pode soportar a cativa atmosfera relixiosa e política do seu país, mais que dedica toda a súa vida e a súa obra a escribir sobre Irlanda. Así, no día 15 de agosto do ano 1926, Ramón Otero Pedrayo publica xa en *Nós* (núm. 32, pp. 3-11) fragmentos en galego do *Ulysses* joyceano, que vira a luz en París en 1922, antes de que saísen versións noutras linguas penin-

sulares. Posteriormente Vicente Risco dá ao prelo ‘Dedalus en Compostela’ o 25 de xullo do 1929 (*Nós*, núm. 67, pp. 123-29), que conta cunha edición posterior, de 1961, da Editorial Galaxia, e que foi traducido ao inglés e ao castelán nunha viaxe de ida e volta (Lorenzo-Modia / Clark 1997).

A influencia do novo estado libre de Irlanda é fundamental para estes escritores galegos das Irmandades da Fala. Son precursores dun interese pola cultura e a literatura deste novo país independente, que culminaría co que hoxe se coñece como estudos irlandeses, e que aínda tardaría medio século en florear. Estes estudos poderían estar simbolizados polo traballo do académico Declan Kiberd, titulado simbolicamente *Inventing Ireland* (1996) (*Inventando Irlanda*), no que se reflicte a idea de que o canon literario irlandés aínda se está a construír a finais do século XX. Isto tamén acontece coas historias, guías e antoloxías da literatura irlandesa que se publicaron por vez primeira neste período finisecular e tamén a inicios da centuria presente. Como exemplo pódense tomar as seguintes: A. Norman Jeffares, *A Pocket History of Irish Literature* (1997); Robert Welsh e Bruce Stewart (eds.), *The Oxford Companion to Irish Literature* (1996); Julia M. Wright, *Irish Literature, 1750-1900: An Anthology* (2008); Margaret Kelleher e Patrick O’Leary (eds.), *The Cambridge History of Irish Literature* (2006), e Stephen Regan (ed.), *Irish Writing: An Anthology of Irish Literature in English 1789-1939* (2004).

Mais un enfoque imprescindible para a comprensión da transmisión das obras dunha cultura a outra son os estudos de tradución en tanto que traducir é reescribir transculturalmente, isto é, crear un novo texto nun contexto diferente (Tourey 1980, Hermans 2006, Lefevere 1992). Como indica María del Carmen África Vidal no seu libro *Traducción, manipulación, desconstrucción*, de 1995, a manipulación é imprescindible e debe entenderse no sentido positivo de traballar sobre un texto para que no idioma meta resulte como propio e non teña o efecto de ser culturalmente alleo. Iso é o que consegue Castro del Río (e os irmáns Villar Ponte) coas obras teatrais de Yeats e acada o obxectivo desexado desde o inicio da súa carreira como tradutor.

Outra das perspectivas críticas necesarias para abordarmos a figura do escritor de Corcubión é a dos estudos poscoloniais. Castro xa repara na descolonización de Irlanda, que está tratando de conseguir a súa reunificación, e moitas das súas escollas de autores para ser traducidos son de escritores que proceden das diferentes nacións do Reino Unido: Irlanda, Gales e inclusive Cornualles. Os críticos contemporáneos falan da hibridación e de sentimentos complexos en zonas descolonizadas, mesmo en Irlanda, nos cales un Yeats procedente dunha familia angloirlandesa protestante pode aglutinar unha maioría católica que se subleva contra o que representan os ingleses. Son referentes nos estudos poscoloniais o palestino catedrático nos Estados Unidos Edward Said, na súa obra seminal *Orientalism* (1990), ou Gayatri Spivak co seu artigo «Translation as Culture» (1999) sobre a tradución e a súa función na cultura, tan pertinente para o noso escritor, ou o anglohindú Homi Bhabha, que estuda a hibridación cultural (2013).

Por último, para comprendermos o percorrido do texto das *Rubáiyát* do poeta persa Omar Kháyám e da súa tradución para o galego por Plácido R. Castro, hai que analizar que todo comeza coa perspectiva do receptor, que o considera interesante para a súa transmisión a outra lingua. Isto coñécese como estudos ou estética da recepción literaria. Foron Wolfrang Iser (1990, 1991) e Hans Robert Jauss (1992) os que desde as universidades alemás puxeron en valor a función do público lector na transmisión da literatura e no interese en que determinados textos sexan traducidos e lidos noutras culturas.

Tendo en conta estes supostos, pódese dicir sen temer trabucarse que Plácido Castro é mais ca un tradutor: é o anglista da galeguidade. Entre os anos 1935 e 1965 non hai outro caso de tradutor para o galego tan coñecedor da cultura anglosaxoa coma este. Actúa como intelectual que ten unha axenda cultural e mesmo teórica que se anticipa ao seu tempo. Así, verte para o galego poemas de diferentes autores e autoras relevantes no mundo anglosaxón tanto do seu tempo coma precedentes e dáos a coñecer no ano 1949 na Editorial Alborada de Bos Aires da man de Lois Tobío e Fernando Delgado Gurriarán. O interese contem-

poráneo desta publicación vese reflectido pola reedición desta obra *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, pola Editorial Galaxia en 2004.

Ten especial valor a tradución e estudo comparativo que fai da poeta simbolista inglesa Christina Rossetti (1830-1894), que compara coa galega Rosalía de Castro (1837-1885), traballo que foi publicado pola súa neta en 1997. Tamén é significativo o canon literario do que traduce, no que non faltan autores irlandeses mostrando a importancia de Irlanda como espello en que se ollar, por exemplo os textos asinados como AE, siglas que corresponden ao escritor George Russell (1867-1935), ou os escritos de Padraic Colum (1881-1972). Tampouco descoida Castro del Ríu outras realidades poéticas como a do país de Gales, representado por W. H. Davies (1871-1940), ou da propia Inglaterra con Walter de la Mare (1873-1956), John Masefield (1878-1967) ou A. E. Housman (1859-1936).

Como sabemos, no cume da súa carreira literaria e profesional, en 1965, Plácido Castro publica a tradución ao galego das *Rubáiyát* de Omar Kháyýám, astrónomo-poeta que viviu nos séculos XI e XII (1048-1131), no actual Paquistán, territorio que pertencía daquela ao Imperio persa (Teimourian). Para este fin Castro sérvese da primeira versión inglesa de Edward FitzGerald, publicada en Londres en 1859. A versión galega sae do prelo para conmemorar o centenario da publicación das quartetas de Kháyýám en inglés. A obra continúa a se publicar na actualidade en inglés, en galego e en moitas linguas do mundo nas editoriais de maior difusión internacional e conta mesmo con edicións críticas en inglés, como por exemplo as editadas en 1997 por Christopher Decker, da Universidade de Virxinia, ou a de Daniel Karlin en Oxford University Press en 2009. Igualmente, convén subliñarmos a importancia da influencia deste texto altomedieval en autores posteriores da literatura en lingua inglesa como James Joyce, Nevil Shute, James Michener, Eugene O'Neill e Bernard O'Donoghue (Lorenzo-Modia 2006: 256).

Existen moitos outros escritores e artistas anglosaxóns que enveredaron o camiño de Omar Kháyýám. Citaremos a seguir só algúns dos contemporáneos

máis salientables. Un dos artistas máis polifacéticos e reverenciados no período vitoriano foi William Morris (1832-1896). Morris e Edward Burne-Jones elaboraron en 1872 unha edición ilustrada da obra, que máis tarde traduciría Plácido Ramón Castro e que tería unha gran difusión en todos os países de fala inglesa. Nela, estes artistas tomaron como símbolo as plumas dos pavos reais, que aínda hoxe figuran na capa da edición de Oxford.

Para sermos quen de calibrar o interese desta obra non só polos seus textos, senón tamén polas ilustracións con que se ornou desde o século XII, cómpre revisarmos as diferentes edicións. Baste nesta ocasión co exemplo do libro xoia elaborado polos impresores George Sutcliffe e Francis Sangorski e polo ilustrador Eidu Vedder por encarga do libreiro londiniense Henry Sotheran. Estiveron a traballar nel desde 1909 ata 1912, ano en que viu a luz. Segundo Joobin Bekhrad, esta edición especial estaba ornamentada cunhas mil pedras preciosas e semipreciosas, entre as cales se atopaban rubís, turquesas e esmeraldas; as súas 600 páxinas de pergameo fino foron cubertas con pan de ouro de 22 quilates e con incrustacións de marfil, prata e outros metais (s. p.). Despois de ser sacado a poxa en Sotheby's en Londres por 465 libras, o texto tiña que ser enviado aos Estados Unidos, mais non foi posible facelo no prazo previsto polos elevados custos dos seguros para o volume; só foi embarcado na fatídica viaxe inaugural emprendida polo vapor *Titanic* no ano 1912, no cal, desafortunadamente, se perdeu este exemplar único (Eaton / Haas 1987: 131; Bekhrad 2018: s. p.). Stanley Bray, sobriño de Francis Sangorski, reproduciu o libro cun traballo de seis anos, mais, como se estivese mal fadado, foi novamente destruído nos bombardeos da Segunda Guerra Mundial na capital británica (Bekhrad s. p.). A tenacidade de Bray fixo que emprendese de novo a tarefa despois da guerra, mais desta volta a edición demorou corenta anos de traballo intermitente e foi entregada como doazón á Biblioteca Británica (Bekhrad s. p.). Esta fascinante historia de abnegación para difundir versións ilustradas das *Rubáiyát* puido estar detrás da motivación de Plácido R. Castro para verter ao galego o texto.

Outro dos elementos que quizais influíse no tradutor é o grande interese que moitos escritores mostraron na obra, tanto do que se denomina alta cultura coma dos niveis máis populares, xa que o poemario foi utilizado como texto docente nas escolas de fala inglesa nos dous lados do océano Atlántico. O autor francolibanés Amin Maalouf gañou o Premio Goncourt de novela de 1993 coa ficción titulada *Samarcande* (1988), que se basea na denominada ‘Edición Marabilla’ das *Rubáiyát* ilustrada con xoias.

Este poemario oriental que pondera o *carpe diem* foi valorizado por numerosos escritores de diferentes países, especialmente no período vitoriano. O propio Oscar Wilde, na novela *O retrato de Dorian Gray* (1891), fai que Lord Henry se refira a Omar Kháyyám como o sabio rei do hedonismo «wise Omar» (86). Outro dos autores que incorpora a obra e o autor das *Rubáiyát* é o norteamericano Jack London (1876-1916) na obra *O lobo de mar* (1904), na que a fai tema de discusión entre dous personaxes do capítulo XI que debaten sobre a interpretación dunha cuarteta. O dramaturgo irlandés Sean O’Casey tamén fai referencia ao texto a través do personaxe de Donal Davoren, que incorpora algúns dos versos das *Rubáiyát* na obra *The Shadow of a Gunman* (1923): «grasp this sorry scheme of things entire, / and mould life nearer to the heart’s desire» (Karlin 2009: LXXIII, 52). Hai varios escritores que toman un fragmento das *Rubáiyát* para o propio título das súas obras. Un dos casos coñecidos é o da prolífica autora norteamericana de nome Edith Newbold Jones, coñecida literariamente como Edith Wharton (1862-1937), que no ano 1904 deu ao prelo *The Moving Finger* (*O dedo que se move*). Agatha Christie é tamén unha das escritoras que utiliza o mesmo título para unha das súas obras de suspense, que publicou por primeira vez precisamente nos Estados Unidos en 1942. É este mesmo sintagma o utilizado de novo por Stephen King no ano 1990 para o título dun conto. A tal cuarteta corresponde a unha das máis citadas do poeta persa por se referir á permanencia da palabra escrita e noutros autores aparece o texto completo dela. Así, con posterioridade á tradución de Plácido R. Castro, a obra segue a ser mencionada nos textos literarios e en diferentes manifestacións culturais e cívicas.

cas. Na novela do norteamericano Kurt Vonnegut titulada *Breakfast of Champions or Goodbye Blue Monday (Almorzo de campións ou adeus luns azul)* (1973), un dos personaxes, Dwayne Hoover, rememora a coñecida estrofa sobre o poder das palabras escritas que memorizara na escola:

The Moving Finger writes; and, having writ
 Moves on: not all thy Piety nor Wit
 Shall lure it back to cancel half a Line,
 Not all thy Tears wash out a word of it. (Karlin 2009: LI, 41)

O Dedo que se move escribe, e vaise logo,
 E nin túa Piedade, nin teu Inxenio todo,
 o enmeigan pra que volte e borre meia Liña,
 nin lavas unha Verba con todolos teus Choros. (Castro en Toro Santos 1996: 33)

Este poema é tan coñecido no mundo de fala inglesa que tamén se cita en discursos de diferentes oradores. Un caso paradigmático é o de Martin Luther King Jr., que no seu parlamento do día 4 de abril de 1967, titulado «Beyond Vietnam» (Mais aló do Vietnam) (s. p.), utilizara xa a mesma citación: «It is time for all people of conscience to call upon America to come back home. Come home America. Omar Khayyám is right ‘The moving finger writes and having writ, moves on.’» (É tempo de que toda a xente con conciencia de América lles diga que volvan á casa. América volve. Omar Kháyáyám ten razón ‘O Dedo que se move escribe, e vaise logo’). Posteriormente, no discurso do presidente Bill Clinton aos reporteiros no xardín das rosas da Casa Branca o 11 de decembro de 1998, uns minutos antes de que o Comité Xudicial da Cámara americana votase sobre a súa acusación (*Impeachment*), dixo o seguinte: «An old and dear friend of mine recently sent me the wisdom of a poet who wrote: ‘The moving finger writes and having writ, moves on. Nor all your piety nor wit shall lure it back to cancel half a line. Nor all your tears wash out a word of it.’» (Un vello

amigo mandoume hai pouco a sabedoría dun poeta que escribiu: O Dedo que se move escribe, e vaise logo, E nin túa Piedade, nin teu Inxenio todo, o enmeigan pra que volte e borre meia Liña, nin lavas unha Verba con todolos teus Choros) (s. p.). O poeta que nesta ocasión Clinton non cita é Omar Kháyyám e faino precisamente coa mesma estrofa que fora mencionada por Luther King.

No mundo hispánico hai tamén moitos escritores que se fan eco deste poema nas súas obras. Entre os autores en español que citan as *Rubáiyát* de Kháyyám está o galardoado co Premio Nobel de Literatura Juan Ramón Jiménez, que as inclúe en *Platero y yo*: «Nos hemos quedado solos Platero y yo. ¡Qué paz! ¡Qué pureza! ¡Qué bienestar! Dejo a Platero en el prado alto y yo me echo, bajo un pino lleno de pájaros que no se van, a leer. Omar Khayyam... En el silencio que queda entre dos repiques [...]» (cap. XXXVII «Domingo»). Esta obra foi traducida para o galego como *Platero e mais eu* en 1990 por Manuel Beiras García, coñecido polo pseudónimo Eubensei.

Outro dos escritores senlleiros que citan o poeta persa é o arxentino Jorge Luis Borges (1899-1986). No seu libro de ensaios *Otras inquisiciones* (1952) inclúe un titulado «El enigma de Edward Fitzgerald», no que discute o labor do tradutor irlandés Edward FitzGerald. Tamén trata dos versos de Omar Kháyyám no poema «El ajedrez» de *El hacedor* (1960) e en *Elogio de la sombra* (1969), xustamente no titulado «Rubaiyat», composto por estrofas de catro versos (14). O interese de Borges polo poeta persa xa provén dunha tradución realizada polo seu pai, o escritor Jorge Guillermo Borges (García 2015: s. p.).

En español as *Rubáiyát* do poeta persa foron cantadas por Camarón de la Isla en *La leyenda del tiempo* (1979), nunha versión de «Viejo mundo» de José María Lopez Sanfeliú, máis coñecido como Kiko Veneno, que veu namorado delas á súa volta dos Estados Unidos, pola repercusión xa mencionada de Omar Kháyyám na cultura anglosaxoa e nos seus poetas (Mora / Gamboa, en Camarón 1979b: 45-52).

Na cultura galega existen moitas edicións e versións posteriores que homenaxean a Castro pola súa visión como tradutor e unha delas é a tradución desde o

francés de Miguel González Garcés (1992). A seguinte é a versión bilingüe dada ao prelo por Antonio Raúl de Toro en Espiral Maior (1996), que foi complementada por unha nova edición galega na Editora Bahía (2010) e ilustrada polo pintor Javier Correa Corredoira; esta réndelles tributo ás edicións manuscritas do libro desde a súa orixe e que se continúan a publicar ata o século XXI co fin de reflectiren a cultura oriental que lles deu orixe. Trátase probablemente dunha lembranza á intención do propio tradutor, que tiña o proxecto dunha edición ilustrada do pintor de Marín, Manuel Torres, segundo consta na documentación escrita dunha emisión radial de Luís Seoane do 2 de abril de 1961, arquivado na Fundación que leva o seu nome.

O escritor de Corcubión tentou crear, mediante o labor de tradutor desde a súa tarefa nas Irmandades da Fala ata o seu pasamento, a translación á cultura de Galicia dos autores e autoras valorizados na cultura anglosaxoa (Lorenzo-Modia e Pérez Janeiro 1994: 255-260). Centrouse, por unha banda, nos poetas da segunda metade da época vitoriana que puxeron en cuestión os valores imperantes da Inglaterra colonial. Por outra banda, hai que notar a creación dun canon literario en tradución da lingua inglesa que foi peneirada igualmente pola súa querenza por Irlanda, con versións de Yeats e Lady Gregory, entre outros, xunto á tradución do tamén irlandés Edward FitzGerald. Todos eles colaboraran na formación da literatura irlandesa da nova república independente. Plácido R. Castro del Río considerou imprescindible manter a bandeira da lingua e cultura propias nunha etapa de escurantismo grande. A súa tradución das *Rubáiyát* pode describirse mediante as palabras que el mesmo empregou para definir o texto de FitzGerald: «unha especie de bandeira, ergueita polos que loitaban, na vida social e nas artes, contra os convencionalismos e a ‘respectabilidade’» (1965, 167).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARIAS, Valentín / Alberto A. LUGRÍS (2005): «Significado e importancia de Plácido Castro no panorama da tradución en Galicia», en *Igadi na Rede / Fundación Plácido Castro – VI Conferencia Anual Plácido Castro*, 30 de xaneiro de 2005, actualizado (http://www.igadi.org/fundacion_placido_castro/vi_conferencia_anual.htm) [última consulta: 27 de abril de 2005].
- AVERY, Peter (1981): «Introduction», en *The Ruba'iyat of Omar Khayyam*, Londres, Penguin, 9-43.
- AVERY, Peter / John HEATH-STUBBS (trads.) (1981): *The Ruba'iyat of Omar Khayyam*, Londres, Penguin.
- BEKHRAD, Joobin (2018): «The Rubaiyat: History's Most Luxurious Book of Poetry?», BBC Literature, 11-I-2018, s. p. (<http://www.bbc.com/culture/story/20180111-the-rubaiyat-historys-most-luxurious-book-of-poetry>).
- BHABHA, Homi (2013): *Nuevas minorías, nuevos derechos: notas sobre cosmopolitismos vernáculos*, Bos Aires, Siglo XXI.
- BORGES, Jorge Luis (1952): «El enigma de Edward FitzGerald», en *Otras inquisiciones*, Bos Aires, Sur.
- BORGES, Jorge Luis (1969): *Elogio de la sombra*, Bos Aires, Emecé.
- BORGES, Jorge Luis (1972 [1960]): *El hacedor*, Madrid, Alianza.
- CAMARÓN (DE LA ISLA) / José María LÓPEZ SANFELIÚ (Kiko Veneno) (1979a): «Viejo mundo», en *La leyenda del tiempo*.
- CAMARÓN (DE LA ISLA) (1979b): «Viejo mundo», en *La leyenda del tiempo*. [Introd. Miguel Mora e Manuel Gamboa]. Madrid, *El País*, 2008 (<https://youtu.be/Q1x3E7QsVHU>).
- CASTRO DEL RÍO, Plácido R. (1965): «As Rubáiyát de Omar Kayyám, o astrónomo-poeta de Persia», *Grial*, 8, 159-188.
- CASTRO DEL RÍO, Plácido R. (1997): *Mostras da poesía de Christina Rossetti vertidas do inglés ó galego*, Cambados, Gráficas Salnés.
- CASTRO DEL RÍO, Plácido R. / Lois TOBÍO FERNÁNDEZ / F. M. DELGADO GURRIARÁN (trads.) (1949): *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, Bos Aires, Editorial Alborada. Vigo, Galaxia, 2004.
- CHRISTIE, Agatha (1942): *The Moving Finger*, Nova York, Dodd Mead.
- CLINTON, Bill (1998): Discurso na Casa Branca, 11-XII-1998 (<http://www.historyplace.com/speeches/clinton-rose-garden.htm>).
- DAVIS, Dick (1989): «Introduction», en *Edward Fitzgerald: Rubáiyát of Omar Khayyám*, Londres, Penguin, 1-42.
- DECKER, Christopher (ed.) (1997): *Edward Fitzgerald. Rubáiyát of Omar Khayyám. A Critical Edition*, Charlottesville, University P. of Virginia.
- EATON, John P. / Charles A. HAAS (1987): *Titanic: Destination Disaster: The Legends and the Reality*, Wellingborough, Reino Unido, Patrick Stephen.
- FITZGERALD, Edward (trad.) (1872): *Rubáiyát of Omar Khayyám*. [Ilustr. William Morris e Edward Burne-Jones]. Oxford, Univ. of Oxford, Bodleian Libraries, 2014.
- FITZGERALD, Edward (1903): *Rubáiyát of Omar Khayyám*, Londres / Nova York, Routledge / Dutton.
- FITZGERALD, Edward (1989): *Rubáiyát of Omar Khayyám*, Londres, Penguin.
- FITZGERALD, Edward (2010): *Rubáiyát de Omar Khayyám*. [Ilustr. Javier Correa Corredoira]. Oleiros (A Coruña), Bahía.
- GARCÍA, Carlos (2015): «Borges (padre) y Omar Jayyam (I)», *El Trujamán. Revista diaria de traducción*,

- 19-IX-2015, s. p., Centro Virtual Cervantes, Instituto Cervantes (https://cvc.cervantes.es/trujaman/antiores/septiembre_05/19092005.htm).
- GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel (trad.) (1992): *Rubayyat de Omar Khayyam*, A Coruña, Deputación da Coruña.
- GONZÁLEZ RÓDENAS, Soledad (2005): *Juan Ramón Jiménez a través de su biblioteca: Lecturas y traducciones (1881-1936)*, Sevilla, Universidad de Sevilla.
- HERMANS, Theo (2006): *Translating Others*, Manchester, St. Jerome.
- HOUSMAN, Laurence E.: «Introduction», en *Edward Fitzgerald: The Rubáiyát of Omar Khayyám*, Londres / Glasgow, Collins' Clear-Type Press, s. d. [1957], 9-39.
- HOUSMAN, Laurence E. (ed.) (1957): *Edward Fitzgerald: The Rubáiyát of Omar Khayyám*, Londres / Glasgow, Collins' Clear-Type Press.
- ISER, Wolfrang (1990): *The Implied Reader. Patterns of Communication in Prose Fiction from Bunyan to Beckett*, Baltimore, The Johns Hopkins University Press.
- ISER, Wolfrang (1991): *The Act of Reading. A Theory of Aesthetic Response*, Baltimore, The Johns Hopkins University Press, 1991.
- JAUSS, Hans Robert (1992): *Experiencia estética y hermenéutica literaria: ensayos en el campo de la experiencia estética*, Madrid, Taurus.
- JEFFARES, A. Norman (1997): *A Pocket History of Irish Literature*, Dublín, O'Brien Press.
- JIMÉNEZ, Juan Ramón (1914): *Platero y yo*, Madrid, Ediciones de la lectura. Trad. gal. Manuel Beiras García (Eubensei): *Platero e mais eu*, Sada (A Coruña), Edición do Castro, 1990.
- KARLIN, Daniel (ed.) (2009): *Rubáiyát of Omar Khayyám*. [Trad. Edward FitzGerald]. Nova York, Oxford UP.
- KELLEHER, Margaret / Patrick O'LEARY (eds.) (2006): *The Cambridge History of Irish Literature*, Cambridge, CUP.
- KIBERD, Declan (1996, 1997): *Inventing Ireland: The Literature of the Modern Nation*, Boston, Harvard UP.
- KING, Stephen (1990): «The Moving Finger», *The Magazine of Fantasy & Science Fiction*. En *Nightmares and Dreamscapes*, Nova York, Viking, 1993.
- KING JR., Martin Luther (1967): «Beyond Vietnam» (4-IV-1967), Nova York, Stanford University (<https://kinginstitute.stanford.edu/king-papers/documents/beyond-vietnam>).
- LEFEVERE, André (1992): *Translation, Rewriting, and the Manipulation of Literary Fame*, Londres, Routledge.
- LORENZO-MODIA, María Jesús (1997a): «Traducción de Vicente Risco "Dedalus en Compostela: pseudo-paráfrasis"», *Espéculo. Revista de Estudios Literarios*, III:7, 1-11 (https://webs.ucm.es/info/especulo/numero7/v_risco.htm).
- LORENZO-MODIA, María Jesús (1997b): «Stephen Dedalus into Spanish and back into English: Genesis of the Translations», *Galician Review*, I, 52-61.
- LORENZO-MODIA, María Jesús (2006): «Significado e valor da tradución de *As Rubáiyát* de Omar Khayyám», en *Congreso sobre Plácido Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 255-271.
- LORENZO-MODIA, María Jesús / Purificación PÉREZ JANEIRO (1994): «A traducción da poesía en lingua inglesa ó galego», *Grial*, 122, 255-60.

- LORENZO-MODIA, María Jesús / David CLARK (trads.) (1997): «Dedalus in Compostela: a Pseudoparaphrase», *Galician Review*, I, 62-72.
- MAALOUF, Amin (1988): *Samarcande*, París, Jean Claude Lattés. [Trad. cast. María Concepción García-Loma: *Samarcanda*, Madrid, Alianza, 2006].
- MARKIEVICZ, Constance (Lady Gregory) (1979): *The Collected Plays*, Gerrard's Cross, Colin Smythe.
- MICHENER, James (1949): *The Fires of Spring*, Nova York, Random House. ('Os lumes da primavera').
- O'CASEY, Sean (1998): *Three Dublin Plays*. [Introd. Christopher Murray]. Londres, Faber and Faber.
- O'CASEY, Sean (1994): *Three Plays: Juno and the Paycock; The Shadow of a Gunman; The Plough and the Stars*, Londres, Papermac.
- O'DONOGHUE, Bernard (1999): *Here nor There*, Londres, Chatto & Windows, ('Aco nin aló').
- O'NEILL, Eugene (1933): *Ah, Wilderness!*, Nova York, Random House, ('Ah, Deserto!').
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1926): «Anacos da soadísima novela de James Joyce postos en galego do texto inglés por Ramón Otero Pedrayo», *Nós*, 32 (15-VIII-1926), 3-11.
- REGAN, Stephen (ed.) (2004): *Irish Writing: An Anthology of Irish Literature in English 1789-1939*, Oxford, OUP.
- RISCO, Vicente (1929): «Dedalus en Compostela», *Nós*, 67 (25-VII-1929), 123-129. Reeditado Vigo, Editorial Galaxia, 1961.
- SAID, Edward (1990): *Orientalismo*, Madrid, Libertarias Prodhufi.
- SEOANE, Luis (1961): «Emisión radial», 2-IV-1961, A Coruña, Fundación Luis Seoane.
- SHUTE, Nevil (1947): *The Chequer Board*, Londres, Heinemann, ('O taboleiro de cadros').
- SPIVAK, Gayatri Chakravorty (1999): «Translation as culture», en Isabel Carrera Suárez *et al.* (eds.), *Translating Cultures*, Oviedo / Hebden Bridge (UK), KRK / Dangaroo Press, 17-30.
- TEIMOURIAN, HAZHIR (2010): *Omar Jayyam. La biografía definitiva de un genio universal / The definitive biography of a universal genius*. [Trad. Laura Herrero Felipe]. Córdoba, Editorial Berenice. (Repertorio Español de Bibliografía Árabe e Islámica).
- TORO SANTOS, Antonio R. de (ed.) (1996): *Edward Fitzgerald: As Rubáiyát de Omar Khayyám*. Bilingüe (Inglés-Galego). [Introducción e tradución Plácido R. Castro]. A Coruña, Espiral Maior.
- TOURY, Gideon (1980): *In Search of a Theory of Translation*, Tel Aviv, Porter Institute for Poetics and Semiotics.
- VIDAL CLARAMONTE, María del Carmen África (1995): *Traducción, manipulación, desconstrucción*, Salamanca, Ediciones Colegio de España.
- VONNEGUT, Kurt (1973): *Breakfast of Champions or Goodbye Blue Monday*, Nova York, Delacorte P.
- WELSH, Robert / Bruce STEWART (eds.) (1996): *The Oxford Companion to Irish Literature*, Oxford, Clarendon Press.
- WHARTON, Edith (2001): *Collected Stories 1891-1910*, Nova York, Library of America.
- WILDE, Oscar (1988): *The Picture of Dorian Grey*. [Ed. Donald L. Lawler]. Nova York, Norton.
- WRIGHT, Julia M. (2008): *Irish Literature, 1750-1900: An Anthology*, Oxford, Blackwell.
- YEATS, W. B. (1903): *The Lands of Heart's Desire*, Portland (Maine), Thomas B. Mosher (<https://archive.org/details/landofheartdesi00yeatuoft/page/n4>).
- YEATS, W. B. (1906): *Cathleen ni Houlihan*, Londres, A. H. Bullen.

- YEATS, W. B. (1921): *Cathleen ni Houlihan*. [Trad. Antón Vilar Ponte]. *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega*, 8 (5-12-1921), 6-13.
- YEATS, W. B. (1935): *Dous folk-dramas. Vertidos á lingua galega directamente do inglés por Plácido R. Castro e os irmáns Vilar Ponte, con licencia do autor*, volume LXIX, Santiago de Compostela, Editorial Nós.
- YEATS, W. B. (1977): *Dous dramas populares*. [Trad. Plácido R. Castro e os irmáns Vilar Ponte]. Vigo, Castrelos.
- YEATS, W. B. (2019): «Nobel Lecture». NobelPrize.org. Nobel Media AB 2019. 12 xuño 2019 (<https://www.nobelprize.org/prizes/literature/1923/yeats/lecture/>).